

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DOWN GALICIA E AS SÚAS ENTIDADES FEDERADAS, ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" DE FERROL, ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DE A CORUÑA, FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA, ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DE LUGO, DOWN PONTEVEDRA "XUNTOS" ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN, DOWN VIGO: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN E ASOCIACIÓN DOWN OURENSE, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE APRENDIZAXE E INCLUSIÓN SOCIOLABORAL NO EXERCICIO 2025

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade , actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade , no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Delmiro Prieto González, presidente da **Federación Down Galicia**, co DNI 71497418D, que actúa en nome e representación da entidade co NIF G15665144, nomeado por acordo da asemblea xeral de data 27/05/2023 segundo o disposto no artigo 29 dos seus estatutos e en representación das entidades federadas, Asociación Síndrome de Down "Teima" de Ferrol, Asociación Síndrome de Down de A Coruña, Fundación Down Compostela, Asociación Síndrome de Down de Lugo, Down Pontevedra "Xuntos" Asociación Síndrome de Down, Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down e Asociación Down Ourense en virtude do previsto no artigo 6 apartado h e j dos mesmos.



Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para que no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 do outubro, de réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. Que a Federación Down Galicia, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións có número 1998/000003-2ª, conforme á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Forman parte da Federación Down Galicia as entidades Asociación Síndrome de Down "Teima" de Ferrol, Asociación Síndrome de Down de A Coruña, Fundación Down Compostela, Asociación Síndrome de Down de Lugo, Down Pontevedra "Xuntos" Asociación Síndrome de Down, Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down e Asociación Down Ourense.

A Federación Down Galicia e as súas entidades membro teñen entre os seus obxectivos:

a) Promover proxectos de inclusión escolar, laboral, social, programas de saúde e todos aqueles que favorezan o desenvolvemento persoal e a plena inclusión das persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.



b) Promover a autonomía persoal das persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

c) Favorecer a inclusión social das persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en todas as etapas da súa vida, evitando a súa exclusión social e aumentando a súa participación no mercado de traballo, para lograr unha igualdade real de oportunidades e conseguir a súa plena inclusión en todos os ámbitos (familiar, escolar, laboral e social).

d) Promover a autonomía e a prevención da dependencia nas persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

V. A taxa de contratación de persoas con discapacidade é do 5,98% segundo o Informe do mercado de traballo da persoas con discapacidade realizado polo Servizo Público de Emprego Estatal no 2021.

En Galicia a 31 de decembro de 2021 o número de persoas con discapacidade demandantes de emprego foi de 8.448 persoas. O colectivo de persoas con discapacidade intelectual é un dos colectivos con maior taxa de desemprego.

Tamén cabe destacar que no 2021, máis do 50% das persoas con discapacidade paradas son de longa duración e que levan máis dun ano rexistradas nas oficinas dos servizos públicos de emprego, isto tradúcese en que as persoas con discapacidade teñen maiores dificultades en acceder ao mercado laboral pois o seu tempo como demandante de emprego é maior.

Dende a Federación Down Galicia e entidades membro intentan cambiar esta tendencia e pretenden formar ás persoas usuarias para facilitarlles o paso ó mundo laboral.

Dende as entidades que forman parte da Federación Down Galicia faise especial fincapé na inclusión laboral, non como un fin en si mesma, senón como un medio para que as persoas con discapacidade intelectual acaden un desenvolvemento e unha aceptación persoal, sen a cal sería moi difícil conseguir a súa inclusión social.

É preciso contemplar a formación pre-laboral dende una perspectiva Integral. Debe entenderse a formación pre-laboral das persoas con discapacidade non só como un itinerario que lles facilite ser boas persoas traballadoras, senón que á vez se lles dote das estratexias e ferramentas á hora de ser cidadáns/ás activos/as. Estas ferramentas



pasan por que as persoas usuarias ademais de dominar as técnicas propias dunha profesión determinada dominen as habilidades socio - laborais que lle garantan unha exitosa inserción laboral.

A tal efecto prevese a posta en marcha dun Proxecto conxunto de aprendizaxe e inclusión sociolaboral para o exercicio 2025 por parte da Federación Down Galicia e as súas entidades federadas.

Con esta idea establécese un itinerario formativo global no que a persoa con discapacidade irá transitando dunha a outra acción formativa en base ás súas características, necesidades e situación concreta na que se encontra.

Esta idea de itinerario global recolle dúas fases ben diferenciadas: unha delas, a formación contextualizada nun entorno educativo eminentemente teórico; e a outra de carácter práctico que se complementará posteriormente coa incluída no programa de formación no posto ou formación a medida.

VI. O Proxecto de aprendizaxe e inclusión socio – laboral vai dirixido a persoas coa síndrome de Down, cunha cualificación de discapacidade superior ó 33%, maiores de 16 anos, e que figuren inscritas como demandantes de emprego, que sexan persoas autónomas en desprazamentos ó lugar de traballo ou estar en disposición de adquirir as habilidades para poder facelo.

O proceso de selección realizarase directamente polas sete entidades federadas en base a criterios consensuados a nivel conxunto en Galicia polas entidades federadas e a Federación Down Galicia. O dito proceso de selección farase tendo en conta o perfil profesional das persoas candidatas, e partindo dunha entrevista individual e/ou da análise da seguinte información sobre cada unha das persoas candidatas, atendendo especialmente as súas aptitudes, habilidades e intereses, formación académica e a experiencia laboral.

A formación teórica preséntase intimamente relacionada coas tarefas que esixe a formación práctica e especialmente con aquelas que implican comunicación verbal e non verbal e procesos cognitivos, xa que aquí atopamos especiais dificultades nas persoas destinatarias desta formación. Tamén se deseñarán diferentes adaptacións que a persoa en formación precise, en función das súas necesidades, para desenvolver unha actividade óptima.



Na fase práctica da formación, as persoas seleccionadas destinatarias das actividades formativas do proxecto realizarán tarefas de apoio para a aprendizaxe e práctica das actuacións ao persoal que preste servizos vinculados a postos definidos nas dependencias da administración seleccionadas.

Nesta fase, concretamente as accións desenvolveranse nas dependencias da Consellería de Política Social e Igualdade, nos servizos centrais e periféricos, cunha duración media de 3-4h/día en horario a definir en función das necesidades das persoas participantes e das dependencias da Consellería receptora da formación práctica.

Na Federación Down Galicia e entidades membro reforzaran os contidos que se traballen na formación práctica, especialmente os que teñen que ver con procesos de comunicación e habilidades cognitivas e lectoescritoras.

No desenvolvemento do proxecto para o ano 2025, a Federación Down Galicia encargárase da xestión e coordinación a nivel autonómico, coa cobertura do seguro de responsabilidade civil e a do seguro de accidentes na formación práctica das persoas participantes, correspondendo ás súas entidades membro a contratación do seguro de responsabilidade civil que cobre actividades.

As entidades membro, cada unha no seu ámbito de actuación realizará a xestión e execución da aprendizaxe e o apoio na formación práctica das persoas participantes do seu ámbito.

Tendo en conta que se trata dun proxecto non previsto inicialmente na programación xeral da Federación Down Galicia, este proxecto ten un carácter especializado a outros programas incluídos expresamente no convenio nominativo de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Down Galicia .

VII. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación Down Galicia e as súas entidades membro correspóndelles a representación dos intereses de todas as persoas con síndrome de Down na Comunidade Autónoma de Galicia, e a prestación de servizos de calidade na súa atención. Realizan un programa específico para favorecer a inserción social e laboral das persoas coa síndrome de Down. Polo carácter especializado deste proxecto, a Federación Down Galicia e as súas



entidades membro son as únicas habilitadas para a súa execución, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Conforme ao exposto, é de interese da Consellería de Política Social e Igualdade impulsar o desenvolvemento do dito proxecto a través da concesión directa dunha subvención pública coa subscrición dun convenio de colaboración coas entidades.

Tendo en conta por unha banda a especificidade do proxecto polas características da actividade que se vai financiar, o colectivo ao que van dirixidas, e a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles; e por outra a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade, conforme ao previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, en tanto que se trata de persoas con discapacidade intelectual, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, quedando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en aplicación da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, en relación do artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para a realización dun proxecto de aprendizaxe e inclusión sociolaboral no exercicio 2025

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

1. O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade das actuacións que a Federación Down Galicia e as súas entidades federadas desenvolven no ano 2025 para a realización do proxecto de aprendizaxe e inclusión sociolaboral.

Este proxecto ten por destinatarios a persoas coa síndrome de Down maiores de 16 anos, que teñan unha porcentaxe de discapacidade recoñecida superior ao 33% segundo



a lexislación vixente, inscritos como demandantes ou mellora de emprego.

Previamente farase a selección das persoas participantes directamente polas sete entidades federadas en base a criterios consensuados a nivel conxunto en Galicia polas entidades federadas e a Federación Down Galicia.

Atenderase, a modo de previsión, a un total de 24 alumnos/as.

Para participar no proxecto é preciso ter rematado a etapa de escolaridade obrigatoria e ser autónomo en desprazamentos ó lugar de traballo ou estar en disposición de adquirir as habilidades para poder facelo.

2. A metodoloxía empregada que configura o proxecto de aprendizaxe e inclusión sociolaboral estrutúrase en dúas fases:

a) A formación teórica dende a Federación Down Galicia a as súas entidades membro, impartida nas dependencias da Federación Down Galicia e entidades federadas para o aprendizaxe e práctica das actuacións que esixen nos servizos vinculados a postos das dependencias administrativas nos que se desenvolverán.

A Federación Down Galicia realiza a coordinación autonómica de parte teórica e práctica a nivel de metodoloxías e contidos, así como o seguimento autonómico co peche da xustificación técnica e económica do conxunto do proxecto a nivel Galicia e a auditoría de todo o proxecto. A Federación Down Galicia non imparte directamente formación teórica e formación práctica, toda a labor formativa de impartición directa ás persoas participantes, realízase cada unha das entidades federadas con persoal propio da súa razón social.

b) A Formación práctica relacionada cos contidos teóricos programados é útil para dispensar aos/as alumnos/as participantes unha visión práctica necesaria para completar as accións de formación e aprendizaxe. Acompáñase ao presente convenio como Anexo o documento de formación teórica e práctica ofertada e a súa descrición.

A formación práctica desenvolverase nas instalacións da Xunta de Galicia, concretamente nas distintas dependencias dos servizos centrais e periféricos adscritas á Consellería de Política Social e Igualdade, nas cidades de Lugo, Ourense, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela, de tal xeito que, o alumnado poderá assimilar dita formación dun xeito moito máis efectivo.



Os/as alumnos/as participantes que accedan á formación, para o aprendizaxe coa práctica das actuacións que esixen os servizos vinculados a postos das dependencias administrativas nos que se desenvolverán terán o apoio dun/dunha técnico/a designado/a pola Federación Down Galicia e as súas entidades (preparador/a laboral) que terá como principal cometido instruír ao/a alumno/a no desempeño das tarefas que se realicen nas ditas dependencias administrativas. O persoal preparador laboral deste proxecto esta contratado en cada unha das sete entidades membro, a Federación Down Galicia coordínase co devandito persoal a nivel de metodoloxía e contidos, así como para realizar todo o seguimento autonómico e o peche da xustificación técnica e económica do conxunto do proxecto.

Por outro lado, cada alumno/a participante recibirá a súa formación práctica supervisada e dirixida durante a súa realización por unha persoa profesional da administración (facilitador/a) coa que a persoa alumna participante con discapacidade fará a formación práctica que será a persoa coordinadora e responsable da súa formación nas dependencias administrativas, designada pola persoa competente das delegacións territoriais e servizos centrais da consellería de Política Social e Igualdade asumindo que a súa actuación será en todo caso como formador/a e non como superior xerárquico da persoa que apoia. As funcións da persoa facilitadora da administración a desempeñar serán de asesoramento, orientación e dirección da persoa participante en formación práctica para coordinar de forma eficaz as tarefas que deba realizar, así como informar do grao de cumprimento dos obxectivos planificados conforme ao proceso de avaliación continua que programa a Federación Down Galicia e as súas entidades. O persoal preparador laboral esta contratado nas entidades federadas encargado de contactar co persoal facilitador dos servizos ou unidades administrativas da Consellería de Política Social e Igualdade onde se realiza a formación práctica.

A duración diaria da formación práctica será de media 3/4 horas en horario a definir en función das necesidades das persoas participantes e das dependencias da Consellería de Política Social e Igualdade receptoras da formación práctica.

3. A data de inicio das accións formativas nas súas fases teórica é dende o 1 de xaneiro 2025 e a formación práctica será a partir da sinatura do convenio e finalizarán o 31 de decembro de 2025.

As persoas participantes poderán percibir unha axuda de custo destinada a sufragar os



gastos necesarios para asistir á formación, como o transporte ou manutención.

As persoas participantes contarán cun período de descanso no mes de agosto por vacacións do persoal de apoio.

SEGUNDA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do proxecto ten previsto desenvolver pola Federación Down Galicia e as súas entidades, é de 171.340,20 euros.

A partida do presente convenio destínase á impartición directa da formación teórica e práctica que realizan as sete entidades membro.

Para o cumprimento da súa finalidade a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **cento setenta mil catrocentos corenta con vinte céntimos (170.440,20 €)** que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.04.312D.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, distribuídos como se indica:

Asociación Síndrome de Down "Teima" de Ferrol	24.348,60€
Asociación Síndrome de Down de A Coruña	24.348,60€
Fundación Down Compostela	24.348,60€
Asociación Síndrome de Down de Lugo	24.348,60€
Down Pontevedra "Xuntos" Asociación Síndrome de Down	24.348,60€
Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down	24.348,60€
Asociación Down Ourense	24.348,60€

TERCEIRA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as



entidades beneficiarias presentarán, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver que conforman o proxecto, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, se for o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

CUARTA. Obrigas das entidades

1. As entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

- a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, así como xestionar a indemnización por asistencias ás accións formativas das persoas participantes.
- b) Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá



efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ás entidades beneficiarias en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do proxecto a subvencionar a través deste convenio e nos lugares onde estas se realicen "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade" co seu respectivo logotipo.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, as entidades deberán cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

QUINTA. Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que van desenvolver as entidades beneficiarias.

SEXTA. Forma de pagamento



Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O libramento farase nunha conta corrente da que sexan titulares as entidades beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 15% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 85% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades subvencionables.

Con carácter previo ao pagamento poderase consultar, salvo oposición por parte do interesado, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser entidade debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se for o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, as entidades beneficiarias da subvención quedan exoneradas da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

SÉTIMA. Gastos subvencionables e xustificación

1. En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución do proxecto, asistencia dos participantes, así como o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada da Federación Down Galicia e das entidades federadas nos termos previstos na memoria económica.

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2025**.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados,



selados, e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibo da persoa provedora.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibo da persoa provedora.

2. A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades do proxecto e en todo caso con data límite 10 de decembro do 2025, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha memoria final xustificativa das actuacións desenvolvidas en execución do proxecto subvencionado a través deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, número de persoas beneficiarias en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º. Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.

2º. Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

3º. Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade.

4º. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada a través deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.



5º. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 €, deban ter solicitados as entidades beneficiarias.

6º. Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

3. A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no número anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa auditora de contas inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado polas entidades beneficiarias.

A estes efectos, aportarase o informe da revisión efectuada pola persoa auditora de contas, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

- a) Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución do proxecto previstas na cláusula primeira, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables.
- b) Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b) do número anterior, conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. A entidade beneficiaria da subvención deberá indicar se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.
- c) Verificación do cumprimento do disposto na cláusula décimo segunda en relación coas actividades subcontratadas, no seu caso.
- d) Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula e na cláusula sétima deste convenio.
- e) Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.



f) Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

As persoas beneficiarias da subvención estarán obrigadas a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Exceptúase desta previsión da documentación xustificativa do pagamento dos gastos imputables ao mes de decembro, documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e documento de Relación de liquidacións de cotizacións (RLC) de novembro e decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2025, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2026.

Con carácter previo a calquera pagamento consultarase o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa AEAT nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, salvo oposición expresa da entidade. De opoñerse á consulta terá que achegar os certificados de cumprimento de obrigas tributarias previo a calquera pagamento.

Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada polas persoas responsables das entidades beneficiarias.

OITAVA. Incumprimentos, reintegros e sancións

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.



O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Ás entidades beneficiarias da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

NOVENA. *Inexistencia de relación laboral*

Para levar a cabo os obxectivos e fins do proxecto que se subvenciona a través deste convenio as entidades beneficiarias poderán contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades obxecto do proxecto a subvencionar, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do proxecto.

DÉCIMA. *Subcontratación*

A Federación Down Galicia e as entidades membro son as beneficiaria directas da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da



actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 70 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, para a debida execución das actividades programadas, de acordo co recollido na memoria económica.

As entidades beneficiarias, no seu caso, comunicarán a subcontratación á Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO PRIMEIRA. Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Federación Down Galicia, designadas polas persoas asinantes do convenio, así como as persoas que asumirán a súa suplencia.

A dita comisión será presidida por unha das persoas representantes da administración, designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, ocupando a secretaría unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia así como á persoa que a supla, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. Vixencia

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

DÉCIMO TERCEIRA. Obrigas da publicidade



O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións

DÉCIMO CUARTA Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que as entidades interesadas acheguen para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace



<https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento



xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo dun mes; se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso- administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio no lugar e data de sinatura dixital.

Pola Consellería de Política Social e
Igualdade

Pola Federación Down Galicia e as
entidades que formen parte da
federación

A conselleira de Política Social e
Igualdade

O presidente da Federación Down
Galicia

Fabiola García Martínez

Delmiro Prieto González



ANEXO

Contidos vinculados á formación teórica

Na Federación Down Galicia e entidades membro reforzaranse os contidos que se traballen na formación no posto especialmente os que teñen que ver con procesos de comunicación e habilidades cognitivas e lectoescritoras.

- A comunicación verbal e non verbal.
- Recepción de persoas externas.
- Comunicación coas persoas internas da organización.
- Reprografía de documentos.
- O encargo.
- Limpeza.
- Acompañamento.
- As relacións no centro de traballo.
- Técnicas básicas de recepción, rexistro, clasificación e distribución de paquetería e documentación.
- Manexo do ordenador e Paquete office.

Contidos vinculados á formación práctica:

- A organización na Administración, departamentos e áreas de traballo.
- Recepción de persoas externas á organización.
- A comunicación.
- Tipoloxía de clientes e da súa relación coa prestación do servizo.
- Mantemento do entorno físico do espazo de acollida.
- A situación física das distintas áreas e persoas dentro da organización, e as súas referencias de acceso/comunicación telefónica.
- Circulación interna da paquetería e documentación.



- Técnicas básicas de recepción, rexistro, clasificación e distribución de paquetería e documentación.
- As relacións no centro de traballo.
- A normativa legal de seguridade e confidencialidade na manipulación da documentación e paquetería.
- Reprografía de documentos.
- O encargo.
- A correspondencia, servizo de correos e servizo de mensaxería
- Limpeza.
- Compañía de persoas dependentes e menores e apoio nas necesidades básicas de persoas dependentes e menores.
- Acompañamento en desprazamentos.

